

"A maior parte da miña literatura non está en libro"

Carme Vidal
Imaxe: Xurxo Lobato

A Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG) dedicalle a homenaxe *A escritora na súa terra*. Marica Campo escolle o Val do Mao, o seu lugar de nacemento, onde o Campo da Festa levará o seu nome. Atópanse aí tamén as súas orixes literarias, nas historias escritas, lidas e oídas de nena que están no inicio dunha traxectoria de poesía, narrativa e teatro que agora é recoñecida polo propio mundo das letras.

Escolle O Incio como o lugar para a homenaxe da AELG na súa terra. É tamén o seu espazo literario?

É onde nacín. Considero Galiza enteira a miña terra, mais onde nacín é no Val do Mao. Desde pequena retirábame ao pombal da casa na que nacín porque era o lugar máis solitario, e nós eramos moitos irmáns. Líamos moito e na biblioteca sempre había xente, así que marchaba para o pombal para escribir. Desa maneira, si que o recoñezo como ese espazo literario da infancia.

Nacen aí tamén as primeiras referencias para a literatura?

En especial no nivel oral, porque había un veciño, chamado o señor Manuel de Vila, que nos contaba as historias das *Mil e unha noites*. Na casa, antes mesmo de sabermos ler, xa nos lian en alto contos, e lembro a me pai e miña nai sempre cun libro na man. Si, aí está o inicio tamén da literatura.

Malia iso, vostede tarda en publicar e ten que ser animada por un empurrón externo.

Abondábame o ben que o pasaba escribindo e lendo. Até que me convenceron as persoas máis achegadas, non me atrevín a publicar. Metíame medo. Pensaba que a xente que mercaba un libro merecía moito respecto. Participaba en recitais, facía letras para ser cantadas, mais non me obsesionaba publicar. Tiña un feixe de poemas soltos, mais consideraba que para publicar cumpría ter un libro enteiro cando, logo descubrín que a unidade pode vir dada nos propios poemas.

Despois da poesía inicial, adéntrase na lírica e no teatro. Atopa sinais de identidade na súa obra?

Iso, descóbrello despois, cando te achegas á obra case como lectora, coma se non o escribises, e constatas unha serie de constantes nela. Escribo, poño por caso, toda unha serie de relatos que teñen mitos femininos como protagonistas. Comprobo que hai moito diálogo entre o que fago en prosa, en verso ou en teatro. Doume conta tamén de que, en certa medida, son un palimpsesto no que afloran moitos textos que lin con anterioridade. Tanto os mitos populares coma os clásicos afloran

Marica Campo

ESCRITORA



con forza na miña obra.

Na súa escrita agroman as voces femininas. Considera que escribe unha literatura con marca de xénero?

Gusto de que, se historicamente faláron por nós, sexamos nós agora as que falemos. Quixen, por exemplo, darlle voz a María Balteira, xa que sempre faláron homes por ela.

Pouca xente sabe que vostede é autora de textos que son, precisamente, os máis populares. Falo das letras das cancións.

Cando se escolle un poema para poñer música, vai chegar a moita máis xente ca un libro de poesía. Unha canción chega a moitas máis persoas e ten moita maior difusión. Moita xente que non leu Rosalía coñece o "Negra sombra". A canción é unha maneira privilexiada de espallar un poema.

Dígame un poema seu convertido en canción popular do que pouca xente saiba que vostede é a autora.

"Muller", a canción de Fuxan os Ventos. Nin sequera no disco aparece o meu nome, xa que asinaron como María do Campo. De todas maneiras, tampouco fai falta que se saiba. A canción cobra forza en por si. Chegou a moita xente. Elaborando letras para cancións, traballei moito con Fuxan os Ventos e A Quenlla.

Con composicións de poesía social?

Ao meu ver, a poesía é sempre de intervención, se é lírica, sempre toma partido. Ás veces facemos esa distinción, cando a poesía nunca é neutral, sempre é un pronunciamento cara ao que é fundamental na vida, que é a defensa do ser humano, o suxeito da verdade, do amor e da beleza. O suxeito da poesía non é

a natureza, senón nós a defendermos a vida. A beleza ten que ver coa xustiza, coa terra e coa liberdade.

Vostede participa en numerosos actos de reivindicación. Considera que a escritora ten obriga de se empolcar socialmente?

Defendo que é bo que o faga quen poida. Se eu non tivese outro medio de vida, non podería acudir onde me chaman, porque precisas tempo e posibilidades para te moveres. Quero sumarme ao entusiasmo da xente que se move, que fain cousas, mais, co tempo, comprobei que, no meu caso, se poñemos en carpetas o que escribín para publicar e o que escribín para participar en pregóns, intervencións sociais, manifestacións e demais pode ser vinte veces máis. Non penso que a literatura vaia redimir o mundo, en cambio, si que axuda a o entendermos e a entendermonos a través da palabra.

Significa, en todo caso, un claro compromiso coa lingua, co seu presente e o seu futuro?

O que dixo Cunqueiro das mil primaveras máis é certo. A lingua galega goza de boa saúde na escrita e é un referente para que a lingua non morra. Cada vez a lingua é máis plana, ten que vivir e evolucionar, mais comprobamos que se perde o bo uso, os matices, o vocabulario que habita na literatura.

Cando fai balance da súa traxectoria literaria, con que se atopa?

Con que son máis intensa que extensa. Doume conta dos ocos que existen por me ter dedicado a outras cousas. A maior parte da miña literatura, como dicía, non está en formato libro. ♡